

**PROXECTO DE CONTROL ARQUEOLÓXICO DOS TRABALLOS
DE LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DO
CONXUNTO DE GRAVADOS RUPESTRES DE FENTÁNS
(COTOBADE)**

INFORME-MEMORIA TÉCNICA

Ángel Concheiro Coello

Decembro 2009

02. P. 144. 2009. 003

Índice

A. MEMORIA

0. Ficha técnica
1. Antecedentes
2. Introducción xeográfica
3. Descrición da área de actuación: o monte veciñal de Fentáns
4. Desenvolvemento do plano de traballo
 - 4.1. *Plano de traballo*
 - 4.2. *Datas de realización*
 - 4.3. *Metodoloxía*
5. Consideracións arqueolóxicas e patrimoniais

B. PLANO

A- MEMORIA

1. FINEZA MEMORIA

Memoria é a capacidade de armazenar e recuperar informações. É a capacidade de lembrar-se de fatos, eventos, experiências, sentimentos, etc. A memória é uma das funções mais importantes do cérebro humano, pois sem ela não poderíamos viver. Ela nos permite aprender com o passado e nos preparar para o futuro.

2. Importância

A memória é fundamental para a nossa vida. Ela nos permite aprender com o passado e nos preparar para o futuro. Sem a memória, não poderíamos viver. Ela nos permite lembrar-se de fatos, eventos, experiências, sentimentos, etc.

A memória é uma das funções mais importantes do cérebro humano, pois sem ela não poderíamos viver. Ela nos permite aprender com o passado e nos preparar para o futuro.

3. Importância da Memória

A memória é fundamental para a nossa vida. Ela nos permite aprender com o passado e nos preparar para o futuro. Sem a memória, não poderíamos viver. Ela nos permite lembrar-se de fatos, eventos, experiências, sentimentos, etc. A memória é uma das funções mais importantes do cérebro humano, pois sem ela não poderíamos viver. Ela nos permite aprender com o passado e nos preparar para o futuro.

A memória é fundamental para a nossa vida. Ela nos permite aprender com o passado e nos preparar para o futuro. Sem a memória, não poderíamos viver. Ela nos permite lembrar-se de fatos, eventos, experiências, sentimentos, etc. A memória é uma das funções mais importantes do cérebro humano, pois sem ela não poderíamos viver. Ela nos permite aprender com o passado e nos preparar para o futuro.

0. Ficha técnica

Nome: Proxecto de control arqueolóxico dos traballos de limpeza e acondicionamento no entorno do conxunto de gravados rupestres de Fentáns (Cotobade)

Código: CD102A 2009/656-0

Dirección arqueolóxica: Ángel Concheiro Coello (arqueólogo)

Prazo de execución: 30 días

Orzamento: 3000 euros

Executa: ARQUESTUDIO, S.L.

Promotor: Naturgalia, Obras e Medio Ambiente, S.L:

1. Antecedentes

Este proxecto redáctase por encargo da empresa NATURGALIA, OBRAS E MEDIO AMBIENTE, a fin de incorporalo ao seu proxecto de *TRABALLOS DE LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DO CONXUNTO DE GRAVADOS RUPESTRES DE FENTÁNS*

Dito proxecto, entregado polo promotor na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a súa aprobación, foi autorizado mediante resolución do 4 de novembro de 2009.

2. Introducción xeográfica

Cotobade é un concello característico das comarcas perimetrais das Rías Baixas. Ten unha poboación de 6500 habitantes e unha superficie de 135 km². Divídese en 13 parroquias (Almofrei, Borela, Carballedo, Rebordelo, Loureiro, Valongo, Augasantas, Viascón, Tenorio, San Xurxo de Sacos, Santa María de Sacos, Corredoira e Caroi). A capital municipal sitúase no núcleo da Chan, pertencente á parroquia de Carballedo. As densidades de poboación máis altas localízanse nas parroquias occidentais e meridionais, sobre todo en Tenorio, Viascón e San Xurxo de Sacos, que son as máis próximas á cidade de Pontevedra e están recorridas pola estrada nacional a Ourense. Esta, e maila estrada autonómica Pontevedra – A Lama, que atravesa en sentido E – W o termo municipal, son as vías de comunicación máis importantes.

O relevo, moi articulado e que dá orixe a numerosas subunidades xeográficas, está caracterizado pola presenza de varias zonas ben contrastadas: as montañas e serras orientais, que son cadeas montañosas de orientación N – S que lamben os 1000 m. de altitude e forman parte do sistema Seixo – Suído, con prolongacións en sistemas subsidiarios a xeito de contrafortes, como Coirego – Albagueira e Pé da Múa; a bacía do río Lérez, moi encañónada no termo municipal e que coincide coa parroquia de San

Xurxo de Sacos; e os vales meridionais, vistosos, amplos e de orientación S ou SO, como o do Almofrei, o Barbeira, o Calvelle e o Verdugo.

A rede fluvial está dominada por dúas grandes cuncas: a do Lérez – Almofrei, que ocupa o norte e centro do concello, e a do Verdugo, limitada á esquina sur – sureste. A estes dous grandes ríos, únenselle gran cantidade de regatos de caudal irregular. En todo caso debemos recalcar que, si ben resulta indiscutible a importancia do Lérez na xeomorfoloxía de Cotobade, o río Almofrei é fundamental na vertebración do seu territorio. Alén diso, é un afluente con pretensións de río principal: ten carácter, domina unha cunca ben desenvolvida en lonxitude, actúa como eixo vertebrador das comunicacións e ocupa un lugar central na topografía do concello¹.

O substrato xeolóxico, como o resto de concellos do seu entorno, é granítico, caracterizado pola presenza dun granito de dúas micas de gran medio que aflora á superficie de xeito continuo, polo que resulta moi doado o seu aproveitamento como materia prima.

Os solos do concello mostran a variedade típica do noroeste ibérico, totalmente condicionada pola topografía. Así, nas zonas altas dominan os solos tipo ranker, moi pouco desenvolvidos e pouco profundos, con dous horizontes A – C². Nas zonas baixas dominan as terras pardas ou *cambisoles*, de tres horizontes A – B – C, presentes en tódalas zonas de relevo suave. Non podemos esquecer a presenza de solos hidromorfos, empozados gran parte do ano, as denominadas brañas, que xeralmente coinciden con áreas de altura de relevo cóncavo e drenaxe impedida.

O clima inseríase tradicionalmente no dominio oceánico húmido, caracterizado por abundosas precipitacións e escasa oscilación térmica anual. Así e todo, a situación xeográfica e as distintas condicións orográficas do territorio deixan ver unha certa compartimentación, con dúas zonas ben diferenciadas: as terras baixas dos vales, próximas á plataforma litoral, con temperaturas suaves, escasa oscilación e choivas abundosas cun máximo invernál; e as terras altas do interior, Montes do Seixo e Sistema do Coirego, onde se deixan sentir claramente as características propias dos climas do interior e a montaña.


A vexetación é a común nos concellos desa área xeográfica de transición entre litoral e interior. A situación clímax é a dun conxunto formado por bosque caducifolio atlántico de carballos con pequenas manchas de sobreiras (*Quercus robur* e *Quercus suber*), con presenza de masas de salgueiros (*Salix sp.*) e bidueiros (*Betula sp.*) nos lugares húmidos e beiras de ríos e regatos. Esta panoplia arbórea está asociada a un sotobosque moi característico, a chamada landa atlántica, formado por un mato, moi denso pero pouco desenvolvido en altura, de queiroas e uces (*Erica vulgaris*, *Calluna s.p.*). A continuada acción do home sobre este espazo provocou unha degradación, primeiro, e unha transformación, despois, das súas condicións naturais, fundamentalmente da cuberta vexetal. O resultado foi unha diminución moi acusada do bosque autóctono, que foi substituído por masas forestais con especies típicas de repoboación, fundamentalmente o piñeiro e o eucalipto (*Pinus pinaster* e *Eucaliptus globulus*), e pola colonización extensiva das áreas de monte baixo polo sempre ubícuo toxo (*Ulex europaeus*).

¹ Nese sentido, débese recalcar a importancia que, dende antigo, tivo o para as comunicacións o paso do Almofrei, como testemuñan as pontes históricas de Borela, Almofrei e Serrapio.

² Para a tipificación dos solos seguiu-se a clasificación establecida por Pérez Alberti, A., en *Xeografía de Galicia*, Vigo, 1990

A parroquia

A freguesía de San Xurxo de Sacos, sitúase ao NO ao plano do concello. É un territorio de forma vagamente pentagonal, moi ben caracterizado dende o punto de vista xeomorfolóxico. Toda a estrutura física da parroquia pivota arredor da bacía media do río Lérez, o seu auténtico protagonista. Son terras fértiles e pesadas nas que, noutro exemplo máis desa exclusividade espacial tan característica do agro galego, concéntranse as entidades de poboación. Estas seguen un patrón característico de ocupación do territorio do tipo “en nebulosa”, formado por barrios e pequenos lugares que se distribúen de xeito extensivo, deixando entre elas agras acomaradas, camiños e algunhas masas de monte, moi influenciado de sempre polo atracción que supuxo o trazado do camiño real a Ourense, primeiro, e a estrada N-541, ás vairas da que xurdiu un asentamento lineal ou de travesía. En todo caso, SOS os socalcos empoleirados sobre o Lérez, algún espectacular, os grandes protagonistas desta paisaxe verde e encañonada. As entidades de poboación son: Barbeito, Calva da Viña, Cuspedriños, Cutián, Fentáns, Fontán, Igrexa, Lombo do Muíño, Longa e Outeiro. Todos estes lugares, as súas agras e montes, ollan ao val do Lérez. agás o de Cuspedriños, punto senlleiro dunha das máis significadas feiras do país, hoxe desaparecida como tal, emborcada sobre sobre o cul de sac da ría de Pontevedra.



A capela de Lixo e a romaría en honra a Virxe da Candelaria, os cernes da simboloxía popular de Fentáns

Tradicionalmente, a parroquia tivo unha actividade económica ligada á agricultura e á gandería, cunha importante presenza de canteiros e pedreiros, como corresponde a unha comarca senlleira neste ámbito³. Pare importante da produción agrícola ocupábo o cultivo da vide, de alta rendabilidade aínda que non prorcionase caldos de boa calidade. Actualmente, coas importantes transformacións acontecidas na segunda metade do século XX, paralelas a un despoboamento e avellentamento do medio rural, a parroquia mostra unha alta porcentaxe de poboación pensionista, ao mesmo tempo que se converteu nun lugar favorito como segunda residencia para unha poboación maiormente afincada nas áreas urbanas do litoral.

Por último destacar o interese que sempre tivo a parroquia como solar de dous importantes santuarios: o de Lixó, dedicado á Virxe, agora francamente esquecido, e,

³ Para este aspecto é interesante consultar as Actas de fundación d unión de labradores de Cotobade en 1913.

sobre todo, o do San Xusto, baixo a advocación dos Santos Xusto e Pastor. Moi próximo ao lugar de romaría, ás beiras do Lérez, atópanse as surxencias do San Xusto, que deron orixe a principios do século XX a unha casa de baños promovida e utilizada pola burguesía pontevedresa, hoxe arruinada.

3. Descripción da área de actuación: o monte veciñal de Fentáns

O Monte Veciñal en Man Común de Fentáns ten unha superficie que excede folgadoamente as 7 Ha. Os seus límites, segundo se definen na clasificación, son: ao



A cubeta de Fentáns dende o Alto do Foxo

Norte e Este, o termo municipal de Campo Lameiro; ao Sur, o río Lérez, separando o resto de terreos da parroquia de San Xurxo de Sacos; ao Oeste, os predios particulares dos veciños de Fentáns.

Trátase, en resumo, dun conxunto de terreos que describen unha forma semellante a unha gran rectángulo co eixo maior orientado en sentido N-S. Moi articulado dende o punto de vista do relevo, consta de varias unidades fisiográficas ben diferenciadas:

- As áreas ladeira sobre o río Lérez. Son terras de medio ladeira e fortes pendentes, situadas entre o cauce do río e a curva de nivel dos 275 m. de altitude. Correspóndense coas paraxes coñecidas como As Crebas, porto de San Xusto e Tra-la Rasa.

- A cunca de Fentáns, unha superficie de relevo chan e deprimido que ocupa un chanzo inmediatamente superior ao emprazamento da aldea. Recebe o nome xenérico, moi actual, de O Pastizal e está formado por unha alternancia de pequenas cuncas (Chan da Balboa, Chan do Rapadoiro, Chan do Foxo) e coutos de perfil abombado (Outeiro da Besta, Outeiro Morcego, Coto da Braña).

- O anel de outeiros que, a xeito de semicírculo, delimitan polo norte a cunca de Fentáns (Gallardo, Outeiro do Coto, As Canles).

A partir do Plano de Ordenación, da localización “in situ” dos marcos ou mouteiras e das informacións orais dos comuneiros, pode describirse de xeito gráfico e sucinto o seu perímetro que, a partir dos Areiros, no ángulo NO, e no sentido das agullas do reloxo, segue polo Pereiro, a Fonte da Urce, o Outeiro do Coto (onde o monte veciñal alcanza os 403 m. de altitude máxima), as Canles, Tras a Rasa, Porto de San Xusto, A Braña e, novamente, Pereiro.

O identificación do perímetro interior, que linda con particulares, é moi dificultoso de establecer e sería extremadamente proluxa a súa descrición. De modo xeral podemos dicir que discorre pola liña de separación das agras e o monte, en torno á curva de nivel dos 200 m..


3.2. Rexistro arqueolóxico

Nos terreos ocupados polo M.V.M.C. de Fentáns están catalogados, polo de agora, xacementos arqueolóxicos:

<i>Código</i>	<i>Nome</i>	<i>Tipoloxía</i>	<i>Cronoloxía</i>
GA36012001	Outeiro Morcego 1	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012002	Outeiro Morcego 2	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012003	Outeiro Morcego 3	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012004	Outeiro Morcego 4	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012005	Outeiro Morcego 5	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012006	Boca das Canles	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012007	Portela das Rozas Vellas	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012008	Coto da Braña	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012009	Outeiro da Besta	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012010	Outeiro da Casa da Vella	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012011	Laxe dos Cebros	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012012	Chan do Rapadoiro 1	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012013	Chan do Rapadoiro 2	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012014	Camiño da Balboa	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012017	Laxe das Ferraduras	Gravado rupestre	Idade do Bronce

GA36012018	Tras a Rasa	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012087	Portela das Rozas Vellas	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012088	Laxiña dos Cebros	Gravado rupestre	Idade do Bronce
GA36012089	Pedra da Galla	Gravados rupestres	Idade do Bronce

Como se pode ver, é unha mostra máis da presenza masiva de estacións de gravados rupestres prehistóricas nesta zona do concello de Cotobade, onde alcanzan unha densidade espectacular. A riqueza temática e estilística do conxunto de Fentáns é colosal, xa que se conservan practicamente tódolos motivos abstractos e subnaturalistas coñecidos (combinacións circulares, cazoletas, espirais, cervos, armas, pegadas de animais, podomorfos, figuras humanas, ...). Varias das estacións atópanse, ademais, entre as mais significadas do NO, tanto pola riqueza temática como polo estado de conservación. Destacaríamos, cómo non, a Pedra das Ferraduras, chamada afortunadamente por algún investigador “a *pedra de Rosetta* da arte prehistórica galega”, unha obra crepuscular e poderosa caracterizada pola enorme forza simbólica do seu panel principal; a Laxe dos Cebros, esteticamente moi suxestiva; e a Chan do Rapadoiro.



Motivos naturalistas en Pedra das Ferraduras e Laxe dos Cebros


3.5. Traballos anteriores

Só dende o punto de vista estrictamente científico, e obviando a divulgación e a pseudo arqueoloxía fantástica, os gravados de Fentáns atraeron dende o inicio da arqueoloxía contemporánea a atención dos investigadores. Gran parte da *roza* inicial foi feita por Sobrino Buhígas, cun emblemático traballo de rexistro gráfico e catalogación da estacións, no contexto da formidable e pioneira Sociedad Arqueológica de Pontevedra. A partir dese intre sucedéronse varios traballos tanto de investigación como de inventario, que fixeron avanzar considerablemente o grao de coñecemento do rexistro arqueolóxico de Fentáns.

Polo que se refire ás catalogacións e inventario, tras o traballo de Sobrino Buhigas⁴, que na súa época supuxo un esforzo colosal, os petroglifos de Fentáns foron recollidos na monografía de García Alén e De la Peña Santos⁵, aínda que o primeiro estado da cuestión real marcouno o traballo de campo, intensivo e moi fructífero, de Álvarez

⁴ *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. Sada – A Coruña 2000

⁵ *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña 1980



A obra de Sobrino foi o punto de partida da investigación científica sobre os gravados rupestres

Núñez, recollido de xeito sucinto nun artigo moitas veces citado⁶. Por último, a última catalogación, e a máis completa, débese a Manuel Santos Estevez e Ignacio Vilaseco, dentro do traballo de inventario arqueolóxico do Concello de Cotobade, publicado posteriormente, e de xeito resumido, polo primeiro⁷.

Dende o punto de vista da investigación, foron bastantes as aportacións que se refiren ou teñen en conta ao gran conxunto de Fentáns, algunhas moi valiosas. A bote pronto poderíamos destacar os traballos de Anati, o personaxe que trouxo a Galicia o estudio científico e os novos sistemas de rexistro do petroglifos nos anos sesenta do pasado século; do trío formado por Bradley, Criado e Fábregas⁸, quen se achegou de xeito pioneiro a estas estacións dende a perspectiva da arqueoloxía da paisaxe, nunha colaboración rapidamente interrompida; de Vázquez Rozas, que aborda o mundo dos petroglifos dende as estratexias, moi discutibles, da Historia da Arte⁹; de Vázquez Varela, cunha atractiva, pero sorprendentemente breve, explicación da Pedra das

⁶ "Los petroglifos de Fentáns (Cotobade, Pontevedra)". *Pontevedra Arqueológica*, II. Pontevedra 1985-1986.

⁷ "Catalogación arqueolóxica do concello de Cotobade (Pontevedra)". *Gallaecia* 20. Santiago 1999.

⁸ Esta liña de traballo realmente prometía resultados moi ilusionantes. Do breve corpus publicado pódense sinalar dous artigos: "Petroglifos en el paisaje: nuevas perspectivas sobre el arte rupestre gallego". *Minus II-III*. Ourense 1993. "Los petroglifos como forma de apropiación del espacio: algunos ejemplos gallegos". *Trabajos de Prehistoria*, 51, nº 2. Madrid 1994.

⁹ O traballo de publicación de Vázquez Rozas durante os anos 90 do pasado século foi moi intenso, a cabalo da redacción da súa tese doctoral. Gran parte das súas argumentacións pivotan arredor da Pedra das Ferraduras e recóllense na súa obra *Petroglifos de las Rías Baixas gallegas. Análisis artístico de un arte prehistórico*. Vigo, 1997.

Ferraduras como símbolo socialmente activo para a sociedade da Idade do Bronce¹⁰, e, sobre todo, e moi recentemente, José Manuel Rey, quen, á cabeza dun pelotón de xoves investigadores, abordou a investigación e a posta en valor dos gravados rupestres dende perspectivas contemporáneas. As súas propostas para a veciña área de Prederrei, en Campo Lameiro, renovadoras e multidisciplinares, poden facerse extensibles ao monte de Fentáns, co que comparte a mesma unidade xeográfica.

4. Desenvolvemento do plano de traballo

4.1. Plano de traballo

A intervención, entendida como tal, comprendeu diversos contidos:

- 1.- Traballo previo de gabinete: consulta de inventarios e memorias depositadas na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, revisión e baleirado bibliográfico.
- 2.- Redacción de proxecto.
- 3.- Traballo de campo.
- 4.- Elaboración de informe valorativo e memoria técnica.

4.2. Datas de realización

Como se comunicou á Consellería de Cultura e Turismo o traballo de campo comezou o día 17 de novembro de 2009 e finalizou o día 2 de decembro dese mesmo ano. O proxecto desenvolveuse descontinuo por mor das condicións climáticas adversas, polo volume colosal que acadou a biomasa e polas dificultades de retirada, ao non poderá acceder á totalidade das áreas con medios mecánicos.

4.3. Metodoloxía

Balizado

Previo ao inicio das obras balizáronse os xacementos integrados nas áreas de actuación: Pedra das Ferraduras 1 e 2; Laxe dos Cebros; Coto das Galla 1, 2 e 3; Camiño da Portela das Rozas Vellas. Por motivos de seguridade, tamén se balizaron aquelas estacións que quedaban nas beiras das pistas (Chan do Rapadoiro 1 e Camiño da Balboa) e aquelas inmediatas ás zonas de tala (as tres rochas máis meridionais do disperso conxunto de Outeiro da Casa da Vella).

¹⁰ “De la arqueología al arte: los petroglifos prehistóricos al aire libre de Galicia”. *Arqueoloxía e arte na Galicia prehistórica romana*. A Coruña 1995.



Pedra das Ferraduras antes dos traballos (esquerda) e procedendo a balizar Camiño da Balboa (dereita)

Prospección intensiva

Unha vez balizadas as estacións levouse a cabo unha prospección intensiva das zonas de actuación e entorno inmediato. Como resulta habitual, deu como resultado a localización dunha nova estación, 8 m. ao SL de Laxe dos Cebros.



Aparentemente é unha estación sinxela, composta por unha combinación circular simple con cazoleta exterior e radio prolongado exteriormente. Pola proximidade coa súa “irmá maior” recibe o nome provisional de Laxe dos Cebros 2.

Limpeza e acondicionamento

Fíxose un desbroce intensivo con medios manuais do mato, ata o nivel de pradeira baixa silvestre, e unha retirada de toda a madeira e biomasa existente nas zonas consideradas. A tala fíxose controlada según proxecto. A biomasa acumulouse en moreas próximas a cada área, que logo foron recollidas por un tractor lixeiro que as trasladou ao punto de trituración. O tractor só circulou por pistas xa consolidadas.

Control e seguimento

O arqueólogo director foi o encargado de decidir os lugares de acopio de madeira (cruce Camiño da Balboa con Chan do Rapadoiro), trituración (centro do pastizal, afastado dos gravados física e visualmente) e saca con cabestrante .

Tódolos traballos fixéronse con control arqueolóxico a pé de obra.



Traballos de retirada de biomasa e roza



Vista do entorno da Pedra das Ferraduras ao remate dos traballos


5. Consideracións arqueolóxicas e patrimoniais

En realidade, os obxectivos que planeaba o control, que eran a protección dos gravados rupestres, e a documentación de novas evidencias que, eventualmente, puideran aparecer cumpríronse sobradamente. Así demostrase, unha vez máis, que as intervencións brandas teñen un gran valor como iniciadoras de posteriores proxectos de posta en valor.

A localización dun novo, aínda que modesto, gravado, demostra que o monte comunal de Fentáns é particularmente fértil neste tipo de manifestación e que os controis arqueolóxicos son absolutamente imprescindibles en calquera tipo de intervención ou ordenación que se queira acometer no seus predios.

A Coruña, 2 de decembro de 2009

O ARQUEÓLOGO



Ángel Concheiro Coello

B- PLANO



